

Proposta de formación para programas de posgrao sobre Xénero e o Desenvolvemento

1. Contextualización e xustificación do plan de formación.

"Adoptar políticas macroeconómicas e estratexias de desenvolvemento que teñan en conta as necesidades das mulleres e apoiem os seus esforzos por superar a pobreza" ou "Asegurar a igualdade de acceso das mulleres á educación" son algúns dos compromisos adquiridos polos 189 estados reunidos en 1995 na VII **Conferencia Mundial sobre a Muller de Beijing**. Con todo, cando 10 anos despois estes estados volveron reunirse para revisar os resultados alcanzados, constataron que aínda quedaba moito traballo por facer: As mulleres seguen representando o 70% da poboación que vive na pobreza e máis do 60% da infancia non escolarizada.

Hoxe, a situación das mulleres é moi diferente duns países a outros, aínda que teñen un denominador común: **en ningún país do mundo as mulleres teñen os mesmos dereitos e oportunidades que os homes**, o que as impiden participar en igualdade de condicións en todos os ámbitos da vida. A pesar dos cambios e esforzos realizados, seguen existindo grandes desigualdades:

- Dous terzos da poboación adulta analfabeta son mulleres.
- Máis de 500.000 mulleres morren anualmente no mundo por causas relacionadas co embarazo e o parto.
- Unha de cada tres mulleres sufriron violencia física ou sexual ao longo da súa vida.
- A inmigración feminina medrou nos últimos dez anos un 74%, fronte ao 22% que aumentou a masculina. A xornada laboral das mulleres inmigrantes é un 37% máis longa que a das españolas.

Con todo, xunto ás cifras que dan medida á inxustiza, atopamos outras moitas que nos falan da **decisiva achega das mulleres ao desenvolvemento das súas sociedades**. Elas producen entre o 60% e o 80% dos alimentos nos países empobrecidos e a metade a nivel mundial, e a súa contribución en traballos non remunerados suporía en valor monetario o equivalente a un 30% do Produto Interior Bruto mundial. As mulleres protagonizan múltiples movementos en defensa dos Dereitos Humanos, pola fin dos conflitos armados, pola consolidación da paz e a defensa do medio ambiente, e son as que se encargan de atender a membros da familia enfermos ou que non poden valer por si mesmos, tarefas absolutamente necesarias para o funcionamento dos sistemas de saúde modernos.

Esta situación é consecuencia dos condicionantes de **xénero** - roles e estereotipos que as sociedades asignan ás persoas por pertencer a un sexo ou outro - que condicionan a vida de homes e mulleres, limitando a súa liberdade e impedindo o desenvolvemento pleno da súa capacidades, tanto persoais como profesionais.

Esta proposta forma parte da campaña "**A muller como factor clave do desenvolvemento**", financiada pola AECI e executada por Axuda en Acción, Entreculturas e InteRed, que está orientada á articulación dos principais actores da cooperación para a elaboración dunha axenda que promova o cumprimento das metas de Beijing e Obxectivos do Milenio. A través da formación que ofrece a presente proposta e outras dirixidos a organizacións de mulleres, educadores e educadoras, voluntariado... quérese sensibilizar sobre a importancia do papel que xogan as mulleres no avance das sociedades e a igualdade de xénero como factor clave no desenvolvemento humano e sostible.

A muller como factor clave do desenvolvemento

2. Destinatarios da formación.

Esta proposta está dirixida ao alumnado universitario que cursa programas de posgrao (master, experto universitario, diploma universitario...) relacionados co desenvolvemento, a cooperación, a axuda humanitaria, a educación para o desenvolvemento ou as migracións, tendo cabida, en cada caso, a adaptación de contidos e metodoloxía ás características concretas de cada curso e dos seus participantes.

3. Obxectivo xeral e obxectivos específicos por colectivo destinatario.

Obxectivos de aprendizaxe:

- Coñecer e estar sensibilizado sobre a situación das mulleres e as desigualdades de xénero no mundo.
- Ser capaz de incorporar a perspectiva de xénero á análise da realidade, deseño, execución e avaliación das accións de desenvolvemento (cooperación, educación para o desenvolvemento, axuda humanitaria?)
- Comprometerse e situarse a favor da igualdade de xénero como elemento imprescindible para alcanzar un desenvolvemento humano sostible.

4. Identificación de contidos.

Conceptuais:

- As mulleres no mundo e a desigualdade de xénero: distintas manifestacións dun mesmo fenómeno.
- A relación entre a igualdade de xénero e o desenvolvemento. Enfoques que a interpretaron: de MED a GED.
- A achega das mulleres ao desenvolvemento.
- Necesidades prácticas e intereses estratéxicos de xénero.
- O empoderamento das mulleres como estratexia de desenvolvemento.
- As mulleres como protagonistas da transformación social. Mulleres en movementos sociais.
- A Conferencia Mundial de Beijing.
- Situación dos DDHH das mulleres. Instrumentos xurídicos.
- A Axuda Oficial ao Desenvolvemento para a igualdade de xénero.
- As migracións analizadas con perspectiva de xénero.

Procedimentais:

- Analizar e deconstruír os estereotipos relativos ás mulleres e homes doutros contextos sociais, culturais e económicos.
- Diferenciación de condición e posición de xénero e determinación de necesidades prácticas e intereses estratéxicos.
- Análise crítica, elaboración e uso de mensaxes e imaxes sobre as mulleres do mundo e a súa participación no desenvolvemento.
- Incorporación da análise de xénero á identificación, formulación, execución e avaliación dos proxectos de desenvolvemento.

Actitudinais:

- Apreciación da igualdade de xénero como cuestión de dereitos humanos e elemento indispensable para a consecución dun desenvolvemento humano e sostible.

A muller como factor clave do desenvolvemento

- Valoración e respecto da diversidade cultural nos estereotipos e relacións de xénero no mundo.

5. Organización e metodoloxía.

As accións formativas terán unha duración entre 8 e 12 horas distribuídas en sesións de 3 a 4 horas.

A metodoloxía que propomos pretende potenciar ao máximo as capacidades das persoas participantes axuntando traballo individual e traballo en equipo, para que se favoreza así tanto a introspección como o intercambio de ideas e o consenso. Como punto de partida, expomos unha metodoloxía coas seguintes características:

- **Participativa e aberta:** As persoas receptoras deben constituírse no núcleo da formación, expóndose os distintos temas de tal modo que se xere un intercambio de información e puntos de vista entre formadores/as e participantes. É preferible evitar a conferencia.
- **Activa, práctica:** Aprender facendo. Buscar a aplicabilidade do aprendido a través da súa posta en práctica.
- **Motivadora e vivencial:** Para conectar coas necesidades e intereses das e os participantes e respondendo a estes, que consideramos esencial para conseguir aprendizaxes significativas.

6. Recursos pedagóxicos, humanos e materiais necesarios.

Recursos pedagóxicos:

Os materiais didácticos de apoio da campaña poderanse utilizar para aprofundar nos contidos e como guía para actividades propostas. Tamén se atoparán neles referencias a materiais audiovisuais que poden servir de apoio ás sesións.

Recursos Humanos:

A formación será impartida por especialistas en xénero e desenvolvemento do ámbito local no que se vaia a realizar a formación ou desprazados desde Madrid.

Recursos técnicos e materiais necesarios:

Computador portátil, canón - proxector e DVD. Papelógrafos e rotuladores. Aula ampla con mobiliario móbil para poder ser retirado se é necesario.

7. Recursos económicos.

As organizacións InteRed, Entreculturas e Axuda en Acción contan co apoio económico da Axencia Española de Cooperación para a execución deste plan de formación. Así mesmo, comprométese a achegar os seus recursos e experiencia, especialmente no concernente á coordinación e seguimento das accións formativas.

8. Método de avaliación

Os aspectos a avaliar serán, fundamentalmente, o logro de obxectivos de aprendizaxe, a selección e tratamento dos contidos, a metodoloxía empregada, os/as formadores/as seleccionados, os recursos empregados, a organización das sesións, o grupo e cada un dos/as participantes de xeito individual.

Ao finalizar cada unha das accións formativas, realizarase unha avaliación individual e

A muller como factor clave do desenvolvemento



colectiva por parte de todos os participantes, así como polo equipo de coordinación do curso, e redactarase un informe-memoria da experiencia.

A muller como factor clave do desenvolvemento

